

OS TRES OSOS

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de MIGUEL TANCO

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €.

[Os tres osos](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-664-8. Os contos do trasno.

[Los tres osos](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-84-0. Cuentos tradicionales.

[Hiru hartzak](#) (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-044-7. Herri ipuinak.

[Os três ursos](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-102-3. Contos tradicionais.

[I tre orsi](#) (italiano)

ISBN 978-88-95933-02-3. I racconti tradizionali.

Era unha vez tres osos que vivían nunha cabana no bosque.

Un era moi grande, outro era mediano e o outro era moi pequeno.

Os tres osos erguíanse cedo todos os días e preparaban o seu almorzo de papas de avea.

O oso grande comía nunha cunca grande.

O oso mediano comía nunha cunca mediana.

O oso pequeno comía nunha cunca pequeniña.

Pero aquel día as papas estaban moi quentes...

Trátase dun conto tradicional adaptado por Xosé Ballesteros

a partir da versión publicada en 1837 polo poeta inglés Robert Southey. Na versión inicial non era unha nena, senón unha anciá, quen entraba sen permiso na casa dos osos. Mais non foi o único cambio; en posteriores adaptacións introducíronse outras variantes de forma que o intruso pasou a ser un raposo e posteriormente a nena que -nunha historia de 1904- recibiría o nome de Riciños de Ouro.

Os tres osos son presentados como animais refinados e pacíficos, fronte á mala educación que caracteriza o personaxe que invade o seu fogar. Un relato especialmente recomendado para primeiros lectores pola súa estrutura baseada na repetición e porque manexa os conceptos de tamaño e cantidade. Tamén permite introducir aspectos relacionados coa familia e co parentesco, a casa a súa contorna, ou os bos modais.

As ilustracións destacan pola súa sinxeleza, calidez e detallismo. Miguel Tanco recorre á técnica do collage e utiliza materiais con texturas para representar tanto os personaxes como os espazos onde transcorre o relato.



■ **Temática:** conto tradicional.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** tamaños, cantidades; simbolismo do número 3; a casa a contorna, a familia e os parentescos; a educación; do adaptador de contos tradicionais como "[O coelliño branco](#)", "[Tío Lobo](#)" ou "[Os tres porquiños](#)" e autor de "[Imaxina animais](#)" (Kaladraka).

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)


Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou varios contos tradicionais, como "O coelliño branco", "[O traxe novo do rei](#)", "Os tres osos" e "[Os sete cabritos](#)" e "[As pescadoras](#)" (KALANDRAKA), Premio da 33ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid; ademais, traduciu ao castelán a antoloxía "[Fernando Pessoa: selección poética](#)" (FAKTORÍA K).

Miguel Tanco

(Badajoz, 1972)

Estudou ilustración na Escola de Artes Visuais de Nova York e na escola Stepan Zavrel de Sarmede. Dende Milán, onde reside, traballa para editoriais de todo o mundo. Imparte clases de ilustración e talleres infantís. Foi seleccionado para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Recibiu varios recoñecementos da Society of Illustrators de Los Ángeles, do Magazine of Contemporary Illustrators e dos World Illustration Awards. A súa obra foi exposta en varias cidades italianas.

<http://migueltanco.com>



www. **Kaladraka** .com

comunicacion@kaladraka.com